

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 10 DE ABRIL DE 2017.

### **ASISTENTES:**

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP)

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco ( PP )

D. Marco López López (BNG)

D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Intervención:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

#### **Ausente:**

D. José Manuel López Hermida (BNG)

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dez de abril de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2017. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, preguntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data 13 de fenreiro de 2017.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade dos membros da Corporación asistentes á sesión a acta da devandita sesión anterior.

### **2º) CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2016. APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame emitido pola Comisión Especial de Contas de data 5 de abril de 2017 que a seguir se transcribe íntegramente:

#### **1º) CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2015.**

*Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2016, elaborada pola Interventora Municipal.*

*Incluese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2016, aprobada por decreto de Alcaldía de data 30 de xaneiro de 2017.*

*Dase conta igualmente que a Conta Xeral do 2016 unha vez dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 16 de febreiro de 2017 foi sometida ao preceptivo trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 47 de data 25 de febreiro de 2017.*

*Obra no expediente certificación de Secretaría de data 30/03/2017 na que se acredita que no prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación,*

*Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Srs./Sras. Salgueiro Rapa e Meitin Guerreiro e coa abstención dos Srs. López Hermida e Fernández Louzao quen manifestans que se pronunciará non Pleno; acorda :*

*1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2016 e dar traslado da mesma ao pleno corporativo para o seu coñecemento e, se é o caso, aprobación.*

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2016.

### **3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2017 DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017 POR UN IMPORTE DE 84.000'00 €. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta á Corporación da proposta obrante no expediente que a seguir se transcribe :  
JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de gasto de capital, obsérvase a inexistencia de crédito para a realización dos seguintes gastos:

- adquisición de terreos
- construcións de baños e cantina no campo de fútbol de entreno
- substitución de dúas fotocopiadoras existentes

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 5.699.414,07 euros, dos que 5.546.116,87 figuran dispoñibles.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

- Logo de rematadas as obras de acondicionamento integral do campo de fútbol de entreno municipal, faise necesario acometer as obras de construción de uns aseos para o público en xeral e un pequeno espacio adicado a cantina dentro da mesma estrutura.
- Adquisición do terreo colindante á nave almacén coa finalidade de dispor da superficie necesaria para posibles ampliacións da mesma
- Adquisición terreo en Portocelo para aparcamiento da praia, terreo xa utilizado de facto na práctica.
- Remate da garantía de dúas fotocopiadoras existentes, resultando máis rentable a adquisición de unhas novas pola diferenza en prezo das copias.

Partida	Denominación	Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto	Aumento	Consignac. Final	Finalidade
1701.600	Praias. Adquisición de terreos destinados ao uso xeral	0,00	2.500,00 €	2.500,00 €	Adquisición de terreo para aparcamento na praia de Portocelo (P. 26/17)
342.622	Instalacións deportivas. Investimento en construcións	0,00	45.000,00 €	45.000,00 €	Construción de aseos e cantina no campo de fútbol de herba artificial (P. 27/17)
450.621	Administración xeral de infraestruturas. Investimento en terreos	0,00	30.000,00 €	30.000,00 €	Adquisición de terreo colindante coa nave almacén (P. 28/17)
920.623	Administración Xeral. Investimento en maquinaria	0,00	6.500,00 €	6.500,00 €	Adquisición de 2 impresoras-fotocopiadoras (P. 29/17)
<b>TOTAL</b>			<b>84.000,00 €</b>		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.016.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de Crédito Extraordinario por importe de OITENTA E CATRO MIL EUROS (84.000,00 €), nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 3/2017 de Modificación de Créditos por importe total de OITENTA E CATRO MIL EUROS (84.000,00 €)

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícanse as razóns que motivan o presente expediente de modificación de crédito.

Polo Sr. López López sinalase que o Grupo Municipal do BNG vaise abster polo seu desacordo co xeito de acometer as obras do campo de fútbol.

Rematado o debate, o concello Pleno co voto favorable dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, Abad López; Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Iglesias Guerreiro e Meitin Rouco, e coa abstención dos Sres/Sras. López López, Fernández Louzao e Pernas Quelle, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 3/2017 do Orzamento Municipal de 2016 por importe de 84.400,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; e sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

#### **4º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DURANTE O 1º TRIMESTRE DE 2017. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta do informe de Intervención do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

#### **5º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS 2018-2020. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta da Proposta do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

#### **6º) MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PROTECCIÓN DE SAN TIRSO. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr. Fernández Louzao dase lectura á Moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

D. CARLOS FERNÁNDEZ LOUZAO, concelleiro-viceportavoz do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segué para o seu debate plenario:

##### **MOCIÓN PARA A PROTECCIÓN DE SAN TIRSO.**

As ruínas da igrexa vella de San Tirso son un verdadeiro tesouro, pouco apreciado no noso Concello. Decía o investigador Manuel Gago, que se as ruínas da igrexa vella de San Tirso chegaran a estar nun sitio como Irlanda, sería lugar de culto arqueolóxico. Isto dá pé a pensar que están pouco valoradas e, desde logo, nada protexidas.

Así o expresa Gago no seu blog "CapítuloCero":

*[Desde o poboamento do lugar cun castro por parte dos antigos galaicos, pasou por distintas fases: do abandono nos séculos posteriores á romanización, ata a chegada dun diácono de Coímbra chamado Rodrigo que convertiu os restos nun mosteiro medieval. Xa na baixa idade media pasou a ter o uso que aínda hoi xente que recordó, o de igrexa dedicada a San Tirso, sendo na primeira metade do século XX cando sufriu o abandono ata agora definitivo.]*

Pois ben, vendo o estado no que se atopan os restos da igrexa e sabendo da súa importancia, tanto polo que representan na nosa historia local como polo que poden representar para o turismo de calidade, **pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:**

**Instar á Xunta de Goberno do Concello de Xove** a que inicie os trámites coa Administración autonómica a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para revisar, adecentar e consolidar a estrutura pertencente á antiga igrexa de San Tirso, coa finalidade de presévala no tempo e converter o enclave nun referente do turismo de calidade para toda A Marina.

Polo Secretario Municipal dase lectura á resposta escrita da Concelleira de Cultura que a seguir se transcribe:

RESPOSTA Á MOCIÓN PARA A PROTECCIÓN DE SAN TIRSO, PRESENTADA POR D. CARLOS FERNÁNDEZ LOUZAO, CONCELEIRO-VICEPORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL NACIONALISTA NA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XOVE A 29 DE MARZO DE 2017, CON N° DE REXISTRO XERAL DE ENTRADA 896

Partindo da premisa indubidable de que San Tirso é un verdadeiro tesouro, ao igual que o conxunto de restos arqueolóxicos que por sorte contamos no termo municipal de Xove, debemos puntualizar o seguinte: a petición do concelleiro-portavoz baséase, e cita, no blog CapítuloCero, administrado polo xornalista D. Manuel Gago, onde nun primeiro artigo titulado: **Repúblicas de Homes Libres: Barcas e frades de pedra en Portocelo**, do 27 de maio de 2010, cita a fonte do traballo do investigador D. Carlos Andrés González Paz, *El Diácono Rodrigo de Coimbra: fundador de tres ecclesiae en la Galicia del siglo VIII* (Estudios en homenajeen ao professor doctor José Marques. VOL. I). Nesta interesante obra, o investigador contratado polo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, formula a súa hipótese sobre o testamento do Diácono Rodrigo de Coimbra, no que sitúa as tres igrexas en Sumoas, Celeiro e Portocelo. Non obstante, no seu estudo tamén contempla outras hipóteses, coma a do profesor Dr. Carlos Baliñas Pérez, quen sitúa a construción na comarca dos Ancares: "Por diversas razóns xeográficas e toponímicas nós ubicamos a Uilla Cellario en terras de Cervantes, se ben podería ficar na serra de O Cebreiro". Así mesmo, o investigador González Paz, recoñece que fundamenta a súa hipótese en indicacións toponímicas, sen outro soporte documental que rebata a teoría do seu colega Baliñas Pérez.

Así mesmo, o investigador González Paz, na súa consideración final recoñece que: "De la memoria del diácono Rodrigo de Coimbra nada queda excepto un documento, su última disposición de voluntad por el que entrega a una comunidad de monjes y monjas, acompañados de aquellos siervos que asegurarían su sustento, un total de tres *ecclesiae* que él había construido con sus propias manos, una obra de la que hoy no queda vestigio ni testimonio pétreo".

Por suposto, os habitantes de Xove preferimos pensar que, efectivamente, González Paz da por sobradamente probada a existencia destes dous mosteiros na nosa terra.

E polo mesmo dende o Concello de Xove xa incluimos no mes de abril do 2014 esta información na nosa información turística; concretamente no folleto turístico *XoveAzul* (oito meses antes da reunión informativa que o Concelleiro-Viceportavoz organizou no local social de Vilachá para informar da existencia desta hipótese). Ademais, o Departamento de Cultura do Concello de Xove realiza dende o ano 2017, periodicamente, as oportunas xestións coa Dirección Xeral de Patrimonio para manter o lugar limpo e decente para as visitas. Sen esquecer que foi sinalado cun punto de información dentro do Camiño Natural da Ruta do Cantábrico.

Polo tanto, a intención do Departamento de Cultura do Concello de Xove é seguir incrementando a importancia que sempre lle concedemos ao lugar de San Tirso de Portocelo.

Rematado o debate a Corporación por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar a Moción anteriormente transcrita.

### **7º) ROGOS E PREGUNTAS.**

*1º) Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o rogo que segue:*

*A primeiros do mes de marzo un equipo de arqueólogos estivo traballando no círculo lítico que se atopa nas proximidades de Xove. Coas catas que fixeron, quedou determinado que se trata dunha estrutura feita por humanos. Pola súa singularidade e escaseza no país, pedímoslle ao Goberno municipal que coide deste achado arqueolóxico da maneira que se merece: tendo a zona sempre limpa de braña, matando os cepos de eucalipto para que non retoñen e sinalizando a zona debidamente para que veciñanza e visitantes poidan visítalo.*

Resposta escrita da Conselleira de Cultura:

RESPOSTA AO ROGO DE CARLOS FERNÁNDEZ LOUZAO presentado en nome do Grupo Municipal Nacionalista de Xove con data 29 de marzo e nº de rexistro xeral de entrada 897 pedindo o coidado do achado arqueolóxico de Lavandeiras, concretamente un círculo lítico atopado nas inmediacións do núcleo de Xove, que piden ao Grupo Municipal que manteña a zona limpa de braña, eliminación dos retoños dos eucaliptos e sinalizando debidamente a zona para que poida visítalo a veciñanza.

Compre sinalar que dito círculo lítico atopase nunha finca particular.

Non obstante a Delegación de Cultura poñerase en contacto coa propiedade da finca unha vez que os técnicos determinen o valor arqueolóxico do achado.

2º).- *Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a pregunta e o rogo que segue:*

*Sabe o goberno municipal como van os trámites por parte da Xunta para incluír a medorra de Guilán no inventario de patrimonio? En caso de que esteñan feitos e confirmen a existencia da medorra, instamos ao goberno municipal a que inicie os trámites de inmediato para que sexa incluída no PXOM e sexa notificado o propietario do terreo de forma oficial.*

Resposta escrita da Conselleira de Cultura:

RESPOSTA AO ROGO DE CARLOS FERNÁNDEZ LOUZAO presentado en nome do Grupo Municipal Nacionalista de Xove con data 29 de marzo e nº de rexistro xeral de entrada 898.

O pasado 14 de marzo o Alcalde recibe un correo do arqueólogo do Servizo de Patrimonio Cultural con información actualizada e documentación pola cal xa automaticamente se procede a comunicar por correo certificado con acuse de recibo ao propietario que na parcela da súa propiedade existe este túmulo, polo que calquera actuación que poida afectar a este ben ou ao seu contorno debe contar coa autorización da Consellería de Cultura; xa incluso antes de que chegara por Portelo o expediente asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Cultural.

Ademais dende a administración local procédese a iniciar os trámites para facer ficha do elemento atopado e poder incluílo no catálogo do inventario de elementos patrimoniais do PXOM.

Tamén ante un feito tan importante coma o descubrimento dun xacemento arqueolóxico dentro do noso termo municipal, coñecido como o Túmulo de Guilán, e sendo coñecedora da relevancia cultural e patrimonial da aparición dun achado destas características, asisto como veciña interesada a unha charla informativa tras ler na miña casa un impreso sen remitente no que se poñía en coñecemento á poboación de dito descubrimento.

Ademais propoño se informe de primeira man ao Concello como órgano encargado da administración dos intereses das veciñas e veciños, e sabendo ademais que esta institución en todo momento está disposta a colaborar no realce dos valores patrimoniais do noso territorio, sen ter que informarse pola prensa ou por impresos que chegan aos domicilios sen procedencia organizativa.



Pois neste caso, o único coñecemento que se tiña no Concello era a reunión do grupo municipal do BNG, para a cal foi solicitada a Aula de Formación con data de 21 de febreiro de 2017 (solicitude que entrou polo Rexistro de Entrada do Concello de Xove con número 440), e na que se pedía o cambio de data da mesma prevista para o 4 de marzo de 2017 (Rexistro Xeral de Entrada nº 414, do 20 de febreiro de 2017) que expón como motivo de dita reunión: “A posta a disposición dun local para unha reunión do Grupo Municipal Nacionalista”.

Como veciña, pero sobre todo como Concelleira de Cultura, considero que a charla tiña un interese xeral, polo que o departamento de Cultura do Concello debeu ser informado da causa da mesma, ao non tratarse dunha reunión interna dun grupo político, senón da información dun achado arqueolóxico tan importante para todos e todas as veciñas que, uns e outros, representamos.

Así mesmo, dende o Concello de Xove seguirase facilitando, coma se fixo ata o de agora, que calquera asociación dispoña dun local para fins informativos; e moito máis cando a información incumbe ao total da poboación de Xove.

*3º) Carlos Fernández Louzao, concelleiro do Grupo Municipal Nacionalista na Corporación de Xove, sinalase que o estado da senda costeira á altura de Canelas segue a ser lamentable a pesar de que na anterior sesión ordinaria polo Sr. Alcalde manifestouse que o seu arranxo ia ser inmediato. Por isto reiteramos ao goberno municipal a petición de cumprir a ordenanza e acelerar os prazos para a rehabilitación da senda en canto sexa posible.*

Polo Sr. Alcalde contestase que os traballos de corta, retirada da biomasa e plantación aínda non remataron pero unha vez rematados o maderista deixara en perfectas condicións de uso a senda

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e corenta minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu como Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

**ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo